



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Miguel Fernández Méndez

D. Xosé María Arias Fernández

D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Presidente don José Tomé Roca, a señora deputada dona Iria Castro Fernández e o señor deputado don Iván Castro Díaz

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	1/143	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de outubro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O MANTENIMENTO, MODERNIZACIÓN, ACTUALIZACIÓN E ADAPTACIÓN AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE DOS CENTROS DE PROCESO DE DATOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo., consta no mesmo:

Antecedentes.

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7QUQPY3NX5Z7JTC76UEPXRAY.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TSIA7JRX37X5PU5G4CQRROA.
3. Pregos de prescricións técnicas con CSV: IV7QUQPJKBGCZOJOSA5TET3X54.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QUGX7L5F65PHJQ4NCI4Q7AE.
5. Informe xurídico, con CSV: IV7QUGX4ZL74QTOOAUXVB5SVE4.
6. Informe de fiscalización.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación a contratación dos servizos para o mantemento, modernización, actualización e adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade dos centros de proceso de datos da Deputación de Lugo.

2º.- Aprobación o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	2/143





do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, contemplando a modalidade do procedemento e plena definición das prestacións a contratar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de contratación de servizos suxeita a regulación harmonizada, será de 30 días naturais, contados desde a data de envío ao DOUE, precisando na Plataforma de Contratos do Sector Público o último día para presentar proposicións (art. 156.2 e 156.3 ap.c) da LCSP).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 789.525,00 euros, para unha duración de 3 anos. O orzamento base de licitación inclúe 137.025,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21% importe que se engade aos 652.500,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O prezo total financíase dacordo as seguintes anualidades:

DESCRICIÓN	2026 - RC		2027 - RC		2028 - RC		Totais
Hardware 9200.636	49.610,00€	220259/354	0,00 €		0,00 €		49.610,00€
Software 9200.641	57.475,00€	220259/355	45.375,00€	220259/355	45.375,00€	220259/355	148.225,00€
Mantemento 9200.216	197.230,00€	220259/356	197.230,00€	220259/356	197.230,00€	220259/356	591.690,00€
Total	304.315,00 €		242.605,00 €		242.605,00 €		789.525,00 €

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026, 2027 e 2028 as

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	3/143



cantidades indicadas na aplicación orzamentaria que corresponda.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE DÚAS MÁQUINAS RETROCARGADORAS NOVAS PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ASÍ COMO A RETIRADA DA PALA CARGADORA CON MATRÍCULA LU-76555-VE [PALA CARGADORA CATERPILLAR 926 (MATRICULADA 24/05/1985)] E DA RETROPALA LU-84384-VE [RETROPALA CATERPILLAR 428 (MATRICULADA 25/10/1988)].

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da adquisición de dúas máquinas retrocargadoras novas para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada da pala cargadora con matrícula LU-76555-VE [Pala cargadora Caterpillar 926 (matriculada 24/05/1985)] e da retropala LU-84384-VE [Retropala Caterpillar 428 (matriculada 25/10/1988)], 2025/CON_02/000109, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7QUQA5FP5MROJ26JPRH37PEU¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QUQASIF55TBPZ6EQSN4BDAQ.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7QU7P6FPZ4J64YYEUXD32RPY.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QUGK4YBMIVZNNDT4CIZARK4.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QUGKTNX52IXEPRROHILX74Y.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da adquisición de dúas máquinas retrocargadoras novas para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, así como a retirada da pala cargadora con matrícula LU-76555-VE [Pala cargadora Caterpillar 926 (matriculada 24/05/1985)] e da retropala LU-84384-VE [Retropala Caterpillar 428 (matriculada 25/10/1988)], 2025/CON_02/000109, cun prazo de entrega máximo de 40 días naturais.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	4/143





2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 220.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 46.200,00 €, o que fai un total de 266.200,00 €. O importe mínimo polas palas a recoller ascende a 7.000,00 euros (sen IVE)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA COMPACTADORA TANDEM USADA PARA O PARQUE MÓBIL PROVINCIAL E RECOLLIDA DO PISÓN USADO HAMM HD85 (Nº DE BASTIDOR 36307).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	5/143



“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dunha máquina compactadora Tandem usada para o Parque Móbil Provincial e recollida do pisón usado HAMM HD85 (Nº de bastidor 36307), consta no mesmo:

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TG4L6J7R37GX5W4GUMNH67Y2.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TGCLNZBFDLWPC2PVD6IDWEE.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TGAATD3UMV2HMYBGHMYDBEY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QUGK3ZB4Y4WV3QBWQ4ZZHAY.
5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QUGK6NAPPIWFN4YAFADR64U.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dunha máquina compactadora Tandem usada para o Parque Móbil Provincial e recollida do pisón usado HAMM HD85 (Nº de bastidor 36307)

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	6/143





4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 53.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 11.130,00 €, o que fai un total de 64.130,00 €. O importe mínimo polo pisón a recoller ascende a 1.200,00 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ENSILADO DE HERBA NA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa provincial Gayoso Castro propiedade da Deputación provincial de Lugo. 2025/CON_02/000101, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TEOC3D4V73FBKVX6A4RPREI.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola directora da Granxa Gayoso Castro con CSV: IV7TEODTFV46RHNPQT6FAUKEOU.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TFWJLZANPIW052RHHAQLRCU.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QUGJP3YOT7XB02BOMKIR7IM.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QUGIZZQG76XJ5QVEHM4KHIA.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7QUKA03YZLZPBDVXVE4BXCC4.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	7/143	

1º.- Aprobar a contratación do servizo de ensilado de herba na Granxa provincial Gayoso Castro propiedade da Deputación provincial de Lugo, 2025/CON_02/000101, para unha duración de 1 ano, prorrogable por outra anualidade (1+1). Este prazo empezará a contar a partir da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. Prazo de execución: Campaña 2026, para a realización de dúas ou mais cortas entre os meses de abril e setembro, segundo o criterio do responsable do contrato e as necesidades da Granxa Provincial, o prazo de execución de cada unha destas será de 48 horas.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 45.600,00 €, ao que se aplicará un IVE do 10 %, 4.560,00 €, o que fai un total de 50.160,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo a seguinte anualidade:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE SEN IVE	IVE DEDUCIBLE	TOTAL	RC
2026	4120.22799	45.600,00 €	4.560,00 €	50.160,00 €	220259/460

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18º de execución do Orzamento Xeral.

O gasto financiarase con cargo a anualidade do 2026 polo que, a Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, no

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	8/143





orçamento de 2026 a cantidade indicada na aplicación orzamentaria sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 DO CONTRATO BASEADO 2024/CON_02/000038- SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN (Nº EXPEDIENTE PLACSP: CC.-01/2022).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes.

Primeiro.- Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Segundo.- A FEMP oferta para os seus asociados a adhesión a un contrato de enerxía eléctrica. O 12 de maio de 2022, a FEMP subscribiu un Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022). O contrato está dividido en tres lotes, sendo o lote que corresponde a esta entidade o lote 1: península. Dentro deste lote temos 1 adxudicatario: Iberdrola clientes, S.A.U. En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 21 de xuño do 2024, procedeuse a adxudicación en favor da empresa Iberdrola Clientes,

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	9/143



S.A.U. da contratación 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022).

En virtude de dito acordo, a empresa adxudicataria Iberdrola Clientes, S.A.U. comprometeuse a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 723.995,60 euros, aos que hai que engadir 152.039,08 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 876.034,68 euros, de acordo co seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN		IMPORTE TOTAL (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2024 (IVE INCLUIDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2025 (IVE INCLUIDO)
ES0022000007659481BP1P	CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	477,91	238,96	238,95
ES0033770095770001MF0F	APIARIO GRANJA (COLMENAR)	671,64	335,82	335,82
ES0033770091375002WD0F	ESCUELA DE PIRAGÜISMO	30.710,73	15.355,37	15.355,36
ES0033770593651001AF0F	ALUMBRADO PÚBLICO PENOUCOS	260,94	130,47	130,47
ES0033770548328001DW0F	ESCOLA TALLER VILANOVA	178,53	89,27	89,26
ES0033770594094001JG1P	ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	195,43	97,72	97,71
ES0022000007915396YW1P	CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4.393,69	2.196,85	2.196,84
ES0033770065431001ZP0F	MUSEO DEL MAR	7.813,21	3.906,61	3.906,60
ES0033770085658001KA0F	ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	625,60	312,80	312,80
ES0022000004984646WG1P	MUSEO SAN PAIO DE NARLA	22.582,03	11.291,02	11.291,01
ES0022000004899957TR1P	MUSEO PAZO DE TOR	6.674,03	3.337,02	3.337,01
ES0033770092789001RZ0F	ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	21.731,89	10.865,95	10.865,94
ES0033770082626001PR0F	PARQUE MÓVIL	42.000,45	21.000,23	21.000,22
ES0033770084995001ZR0F	CENTRAD	21.428,62	10.714,31	10.714,31
ES0033770588633001FD0F	MUSEO DE LA CESTERÍA	4.503,98	2.251,99	2.251,99
ES0033770068343001PR0F	ESTACIÓN BOMBEO	8.058,07	4.029,04	4.029,03
ES0033770092271013CD0F	DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	2.505,84	1.252,92	1.252,92
ES0033770092634001RB0F	MUSEO PROVINCIAL	42.082,86	21.041,43	21.041,43
ES0022000008388536SD1P	ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	2.467,29	1.233,65	1.233,64
ES0033620000028907KZ0F	RESIDENCIA DE POL	23.066,13	11.533,07	11.533,06
ES0033620000022982VT0F	RESIDENCIA DE TRABADA	23.766,50	11.883,25	11.883,25
ES0033620000022372JB0F	RESIDENCIA DE A FONSA GRADA	22.335,98	11.167,99	11.167,99
ES0022000009092527XQ1P	RESIDENCIA DE CASTROVERDE	18.019,74	9.009,87	9.009,87
ES0022000009049519AH1P	RESIDENCIA DE PEDRAFITTA	22.632,32	11.316,16	11.316,16
ES002200000760638JX1P	CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	4.628,24	2.314,12	2.314,12
ES0022000007983705DR1P	CLUB NÁUTICO DOADE	6.639,52	3.319,76	3.319,76
ES0033770519015001YL0F	CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	13.720,37	6.860,19	6.860,18
ES0022000008881399PM1P	MAZO DE SANTA COMBA	21.430,04	10.715,02	10.715,02
ES0033770092263001VR0F	ESCOLA DE IMAXE E SON	51.973,08	25.986,54	25.986,54
ES0033620000009027PY0F	GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	136.435,44	68.217,72	68.217,72
ES0033770091779001HJ0F	PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	76.718,47	38.359,24	38.359,23
ES0033770082361001DF0F	PAZO DOS DEPORTES	57.849,98	28.924,99	28.924,99
ES003377008830001AG0F	HOGAR DE SANTA MARÍA	45.697,43	22.848,72	22.848,71
ES0022000001308292XQ1P	RESIDENCIA RIBAS DE SIL	31.265,52	15.632,76	15.632,76
ES0033770060787001HF0F	TALLER PIEDRA BEGONTE	4.135,61	2.067,81	2.067,80
ES0033620000048359QP0F	RESIDENCIA MEIRA	35.265,52	17.632,76	17.632,76
ES0022000001047552JG1P	RESIDENCIA BECERREA	27.531,04	13.765,52	13.765,52
ES0033620000045040XR0F	EVENTUAL LUCES MERCADO NADAL	2.420,00	1.210,00	1.210,00
ES0022000001318110TJ1P	RESIDENCIA NAVIA DE SUARNA	26.445,05	13.222,53	13.222,52
PDTE	ALUMBRADO POL. INDUSTRIAL PARADELA	4.695,96	2.347,98	2.347,98
TOTAL		876.034,68	438.017,43	438.017,25

*En relación ao Orzamento Base de Licitación cabe salientar que foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais, por tal motivo ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.



A data de inicio do contrato é o 27 de xullo de 2024. A duración do Contrato Baseado, tal e como se indica no documento de invitación “Plazo de duración del contrato basado y prórroga”, é de 1 ano con posibilidade de unha prórroga anual.

O Valor Estimado do contrato é de 1.737.589,44 € euros (IVE non incluído). Para o cálculo de dito valor se tiveron en conta os seguintes preceptos:

Tal e como se indica na cláusula 21.11 do PCA: “Modificación de los Contratos Basados”, o contrato poderá ser modificado nun 20%.

Tal e como se indica na cláusula 21.2 do PCA: “Inicio y duración de los Contratos Basados”, a duración ordinaria do Contrato Baseado será de un ano, tal e como dispón a normativa sectorial de aplicación, podendo ser obxecto de unha prórroga anual. Polo tanto, a duración máxima do contrato, prórrogas incluídas, será de dous anos.

En virtude da Resolución de Presidencia de data 16 de Xullo de 2025 pola que se aproba a prórroga anual do Contrato Baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), a favor da adxudicataria Iberdrola Clientes, S.A.U., con CIF. A-95758389, terá unha duración de un ano (dende o día 27 de xullo do 2025 ata o 26 de xullo do 2026), mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais tal e como se establece no PCA, a excepción da revisión de prezos prevista no mesmo, a cal se efectuará conforme ao disposto nas cláusulas 16.3 e 21.2 do PCA.

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
3.0TD	0,223756	0,186756	0,150803	0,134316	0,116899	0,119937

Carto.- En relación á subministración obxecto do presente informe, Parque Central de Galicia (Antas de Ulla):

Con data 07 de outubro de 2025 na sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía recibimos o seguinte email procedente do Servizo de Medio Ambiente:

“Bos días.

O próximo día 31 de outubro, esta prevista a finalización e recepción da obra de construción do Parque Central de Galicia en Nugallás (Antas de Ulla).

Ditas instalacións, propiedade da Deputación de Lugo, precisan de suministro eléctrico para o seu funcionamento, polo tal, dende este servizo, solicítase que se realicen os tramites pertinentes para incorporar dito suministro ao contrato de electricidade da Deputación de Lugo en vigor.

Moitas grazas.”

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	11/143



Polo tanto, e en virtude da referenciada solicitude se inician os trámites para proceder a realizar a prestación de dita subministración a través do contrato eléctrico da Deputación de Lugo.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: "1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior."

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda.- O procedemento de adxudicación do contrato baseado realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de Enerxía Eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de Enerxía Eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Por Resolución de Presidencia de data 10 de maio de 2024 se nomeou a Jose Antonio Arias Lombardero Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable (Titular) de este contrato.

O Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, Jose Antonio Arias Lombardero , coa conformidade do Deputado de Promoción Económica e Social,

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	12/143





mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 1 do contrato baseado sinalado por importe de 4.986,38 €, aos que haberá que engadir 1.047,14 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 6.033,52 €(IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación da modificación número 1 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Iberdrola Clientes, S.A.U., con NIF A-95758389, de acordo cos seguintes extremos:

a) O obxecto da modificación a realizar e incluír unha nova subministración no Contrato Baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), a cal ten os seguintes datos técnicos:

SUBMINISTRACIÓN	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
ES0022000001653130FS1P	LUG TOXAL REVOLTA, 0308 OF IC IN - LUGO, ANTAS DE ULLA, NUGALLAS -ARCOS- (27578)	43,65 KW	3.0 TD

b) O gasto anual estimado para esta subministración e ao seguinte:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL IVE ENGADIDO
ES0022000001653130FS1P	6.595,09	1.384,97	7.980,06

A data estimada prevista para o inicio desta subministración a través do contrato de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo é o 01 de Novembro de 2025, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar. Considerando o anterior, a estimación do gasto previsto para esta subministración desde a data na que se inicie ata o 26 de xullo de 2026 é ao que ascenderá a modificación número 1 do contrato baseado é a seguinte:

SUMINISTRO	IMPORTE TOTAL SIN IVA	IVA	IMPORTE TOTAL (IVA INCLUÍDO)	ANUALIAD 2025 (IVA INCLUÍDO)	ANUALIAD 2026 (IVA INCLUÍDO)
ES0022000001653130FS1P	4.986,38	1.047,14	6.033,52	1.323,22	4.710,3

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	13/143



Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 4.986,38 €, aos que haberá que engadir 1.047,14 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 6.033,52 €(IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,69 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído).

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que este novo punto de subministración ordinario pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

En virtude da Resolución de Presidencia de data 16 de Xullo de 2025 pola que se aproba a prórroga anual do Contrato Baseado 2024/CON_02/000038-Subministración de Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión (Nº expediente PLACSP: CC.-01/2022), a favor da adxudicataria Iberdrola Clientes, S.A.U., con CIF. A-95758389, terá unha duración de un ano (dende o día 27 de xullo do 2025 ata o 26 de xullo do 2026), mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais tal e como se establece no PCA, a excepción da revisión de prezos prevista no mesmo, a cal se efectuará conforme ao disposto nas cláusulas 16.3 e 21.2 do PCA.

TARIFA	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
3.0TD	0,223756	0,186756	0,150803	0,134316	0,116899	0,119937

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación sendo aa data de finalización do mesmo é o 26 de xullo de 2026.

Carta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 1 do contrato baseado e incluír a subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA como na LCSP:

a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (Prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “El Órgano de Contratación de cada “Entidad contratante” tendrá la prerrogativa de interpretar los Contratos basados, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlos, acordar su resolución y determinar los efectos de ésta en virtud del artículo 190 y siguientes de la LCSP.”

Por outra banda, a cláusula 21.11 do mencionado PCA (Modificación de los Contratos basados) sinala textualmente: “Conforme a lo dispuesto en la cláusula 21.3 del PCA, las “Entidades contratantes” podrán solicitar la inclusión de nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	14/143





representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. El contratista estará obligado a suministrar electricidad en dichos puntos, siempre que se cumplan los requisitos previstos en la presente cláusula. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la "Entidad contratante" incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado".

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita a modificación número 1, indícase expresamente;

"Sinalar a este respecto que a subministración que se pretende introducir no contrato, non estaba prevista no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, posto que naquel momento se descoñecía a existencia da necesidade de dita subministración..."

b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares á Cláusula 23 do PCA ao sinalar que "Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público".

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que "Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista". A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Iberdrola Clientes, S.A.U., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

"Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	15/143



por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores do mesmo.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán na subministración que resulten da modificación do contrato baseado, serán os mesmos que se apliquen para o resto de subministracións obxecto do contrato, (tarifa 3.0TD), polo tanto esta nova subministración non implicará ningún incremento nos prezos unitarios do contrato”.

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.- As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.”

Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.”

Respecto da primeira cuestión sinalar que motívase a concorrencia de interese público na modificación número 1 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de Enerxía Eléctrica na seguinte subministración: Parque Central de Galicia (Antas de Ulla). Tal instalación depende da Deputación de Lugo, polo tanto, a subministración de Enerxía Eléctrica da mesma deberá facerse a través do referenciado contrato de Enerxía Eléctrica da Deputación de Lugo.

Indicar tamén que, tendo en conta que como no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados para incluír novas subministracións de carácter ordinario nos termos que se establecen no artigo 204 da

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	16/143





LCSP, hai que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP para o análise das condicións e requisitos precisos para a súa realización.

2. O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concurrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servicio puntual”.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 396.184,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025, a favor do Concello de Samos, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social na ría de Abres”, anualidade de 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	97/143	

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe.

En relación ao asunto de referencia (Expte.: 2025/PES_03/018788) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun Centro Social na ría de Abres” ano 2024 por importe total de 196.253,60 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 190.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral”

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 30 de xullo de 2024.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu, en data 1 de setembro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria coa fin de poder acadar o fin conxunto do convenio, dado que o Concello, por si so, non pode facer fronte ao pago das certificacións parciais que se están chegando”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de setembro de 2025, acordou aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizado o 30 de xullo de 2024 para incorporar a posibilidade de xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria.

Quinto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 10 de setembro de 2025.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	98/143





Sexto.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu, en data 8 de outubro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“O Concello de Trabada ten asinado un convenio coa Excm. Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “construción dun centro social na Ría de Abres”, ano 2024.

Segundo a cláusula cuarta do devandito convenio “o prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025”

Debido as condicións climatolóxicas adversas con frecuentes choivas faise difícil chegar en prazo a data de execución.

Polo tanto,

Solicito,

Ampliación de prazo de execución do Centro Social de Abres ata o 30 de novembro de 2025”.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira: No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

4.2. O Concello de Trabada:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Trabada, comprométese ao seguinte:

“(…)

5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.

“(…)”.

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“(…)”

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

“(…)”

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	99/143	

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.

(...)”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a segunda addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusións.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto.

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación Solicitada dende o concello de Trabada nos termos da segunda addenda ao convenio

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	100/143





incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizado o 30 de xullo de 2024 e modificado o 10 de setembro de 2025, cuxa segunda addenda de modificación quedaría redactada no seguinte senso.

Segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social na ría de Abres”, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Rubén García Freije, Alcalde do Concello de Trabada, con N.I.F P-2706100A, e sede en Rúa do Concello, 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante o Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, P. S., dona Montserrat Conde López, Secretaria-Interventora do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	101/143	

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xullo de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun Centro Social na ría de Abres” ano 2024 por importe total de 196.253,60 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 190.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 30 de xullo de 2024.

Terceiro.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu, en data 1 de setembro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria coa fin de poder acadar o fin conxunto do convenio, dado que o Concello, por si so, non pode facer fronte ao pago das certificacións parciais que se están chegando”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de setembro de 2025, acordou aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizado o 30 de xullo de 2024 para incorporar a posibilidade de xustificación parcial do convenio de acordo as certificacións parciais realizadas pola empresa adxudicataria.

Quinto.- A addenda ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Construcción dun centro social Ría de Abres”, formalizouse o 10 de setembro de 2025.

Sexto.- O Alcalde do Concello de Trabada remitiu, en data 8 de outubro de 2025, escrito no que literalmente se solicita o seguinte:

“O Concello de Trabada ten asinado un convenio coa Excma. Deputación Provincial de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “construcción dun centro social na Ría de Abres”, ano 2024.

Segundo a cláusula cuarta do devandito convenio “o prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025”

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	102/143	



Debido as condicións climatolóxicas adversas con frecuentes choivas faise difícil chegar en prazo a data de execución.

Polo tanto,

Solicito

Ampliación de prazo de execución do Centro Social de Abres ata o 30 de novembro de 2025".

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusula cuarta e quinta do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

"4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Trabada:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Trabada, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de novembro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	103/143	

7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo."

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

"A) Achegas:

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 190.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Trabada efectuará unha achega de 6.253,60 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Trabada.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 10 de decembro de 2025.

Admitiranse contas xustificativas parciais segundo o estado de execución da obra (contra certificacións).

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	104/143





declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Resolución ou acordo de adxudicación

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda. As restantes cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	105/143



Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 30 de xullo de 2024 e modificado o 10 de setembro de 2025, esta segunda addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do Parque da Compañía e mellora da pavimentación de Ribasaltas” ano 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/018563) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do Parque da Compañía e mellora da pavimentación de Ribasaltas” ano 2024 por importe total de 429.564,19 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 429.564,19 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “reforma do parque da Compañía e mellora de pavimentación de Ribasaltas” formalizouse o 10 de decembro de 2024.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM		Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM		Página	106/143	



Terceiro.- Dende o concello de Monforte de Lemos remitiuse certificación do acordo da Xunta de Goberno local, de data 6 de outubro de 2025, noa literalmente se establece o seguinte:

“(…)

O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coafinalidade de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma do Parque da Compañía e honorarios e mellora de pavimentación en Ribasaltas e honorarios” o 10 decembro de 2024.

Na cláusula Cuarta, Obrigas e compromisos das partes, especificase que é obriga do concello de Monforte de Lemos executar as actuacións ata o 31 de outubro de 2025, e na cláusula Quinta, o prazo para presentar a conta xustificativa ata o 15 de novembro de 2025.

A obra está neste momento en execución pero foron suspendidas as correspondentes ó parque durante o mes de agosto debido á que é unha zona central na realización de festexos e actividades lúdicas no verán, o que vai retrasar a súa execución, e no que respecta ós camiños dadas as súas propias características tamén dependerá das condicións metereolóxicas.

A cláusula Oitava, Modificación, permite a modificación do convenio por mutuo acordo estre as partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

No ámbito temporal, sería necesario modificar o convenio e alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación.

Vista a proposta de resolución PR/2025/5793 de 1 de outubro de 2025.

Resolución.

Primeiro: Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma do Parque da Compañía e honorarios e mellora de pavimentación en Ribasaltas e honorarios” no Concello de Monforte de Lemos, de maneira que na cláusula Cuarta se modifique o apartado 2.3. sendo o prazo de execución ata o 30/11/2025, e na cláusula Quinta o apartado C) sendo o prazo de presentación da conta xustificativa ata o 15/12/2025

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo.”

Consideracións xurídico- administrativas.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	107/143	

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“(…)

4.2. O Concello de Monforte de Lemos

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:

“(…)

3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.

“(…)”.

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“(…)”

C) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

“(…)”

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- No artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

“1. A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo no se prexudican dereitos de terceiro.

“(…)”

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM		Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM		Página	108/143	



3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso, sin prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento. (...)”.

Terceira.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrenza de interese común).

O novo prazo non excede da metade do prazo previsto.

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Monforte de Lemos nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do parque da Compañía e mellora de pavimentación de Ribasaltas”, ano 2024 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do parque da compañía e mellora da pavimentación de Ribasaltas” ano 2024.

Reunidos.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	109/143	

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-270000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E, doutra parte, D^a. Gloria María Prada Rodríguez, Primeira Tenente Alcalde, do Concello de Monforte de Lemos con NIF P2703100D e sede social en Praza Campo de San Antonio, 27400, Monforte de Lemos, que actuando en nome e representación da citada entidade segundo dispón o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, O Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente addenda de modificación do convenio formalizado o 10 de decembro de 2024 e a tal efecto,

Manifestan

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do Parque da Compañía e mellora da pavimentación de Ribasaltas” ano 2024 por importe total de 429.564,19 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 429.564,19 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Reforma do parque da Compañía e mellora de pavimentación de Ribasaltas” formalizouse o 10 de decembro de 2024.

Terceiro.- Dende o concello de Monforte de Lemos remitiuse certificación do acordo da Xunta de Goberno local, de data 6 de outubro de 2025, noa literalmente se establece o seguinte:

“(...)”

O Concello de Monforte e a Deputación de Lugo asinaron convenio de colaboración coafinalidade de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	110/143	



actuación “Reforma do Parque da Compañía e honorarios e mellora de pavimentación en Ribasaltas e honorarios” o 10 decembro de 2024.

Na cláusula Cuarta, Obrigas e compromisos das partes, especificase que é obriga do concello de Monforte de Lemos executar as actuacións ata o 31 de outubro de 2025, e na cláusula Quinta, o prazo para presentar a conta xustificativa ata o 15 de novembro de 2025.

A obra está neste momento en execución pero foron suspendidas as correspondentes ó parque durante o mes de agosto debido á que é unha zona central na realización de festexos e actividades lúdicas no verán, o que vai retrasar a súa execución, e no que respecta ós camiños dadas as súas propias características tamén dependerá das condicións metereolóxicas.

A cláusula Oitava, Modificación, permite a modificación do convenio por mutuo acordo entre as partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xutídico do Sector Público.

No ámbito temporal, sería necesario modificar o convenio e alongar o prazo de execución da actuación e o prazo de xustificación.

Vista a proposta de resolución PR/2025/5793 de 1 de outubro de 2025.

Resolución.

Primeiro: Aprobar a solicitude de modificación do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma do Parque da Compañía e honorarios e mellora de pavimentación en Ribasaltas e honorarios” no Concello de Monforte de Lemos, de maneira que na cláusula Cuarta se modifique o apartado 2.3. sendo o prazo de execución ata o 30/11/2025, e na cláusula Quinta o apartado C) sendo o prazo de presentación da conta xustificativa ata o 15/12/2025.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Deputación de Lugo.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	111/143	

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas cuarta e quinta do convenio formalizado o 10 de decembro de 2024, que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

“4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución das obras, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Monforte de Lemos.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Monforte de Lemos, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.

2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de novembro de 2025.

4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.”

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 429.564,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	112/143





O Concello de Monforte de Lemos financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do concello de Monforte de Lemos.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Monforte de Lemos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de decembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolva e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación das obras

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	113/143	

arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o a presente addenda ao convenio formalizado o 10 de decembro de 2024 do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7º.- Proposta de aprobación de addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Substitución de lucernario da piscina municipal” no Concello de Foz, ano 2024” (aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de novembro de 2024).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Modificación mediante addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes na “Substitución de lucernario da piscina municipal”.

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 04 de decembro de 2024 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	114/143





execución dos fins comúns consistentes na “Substitución de lucernario da piscina municipal”, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 28 de novembro de 2024.

Na súa virtude, o Concello de Foz comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 31 de outubro de 2025. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio, no prazo inicialmente previsto que abarca ata o 15 de novembro de 2025 para a xustificación dos gastos executados.

Segundo.- O representante legal do Concello de Foz remitiu escrito, o 09/09/2025 19:23:27 (2025/PES_03/016755) e número de rexistro 2025RT015013 e emendas de datas (número de rexistro) 17/09/2025 (2025RT015384) e 22/09/2025 (2025RT015517) solicitando a modificación do convenio asinado no que atinxe á data límite de execución dos investimentos (31 de outubro de 2025) e no relativo á data de xustificación dos gastos executados (15 novembro 2025).

No seu escrito, o Concello de Foz expón como causas da referida solicitude de incremento de prazos e modificación do convenio:

"Que ante a imposibilidade de recibir o suministro de material, no tempo inicialmente establecido para levar a cabo a actuación “Substitución de lucernario da piscina municipal”, solicita unha prórroga do prazo de xustificación do convenio para a realización conxunta polo Concello de Foz e a Deputación Provincial de Lugo, ata o vindeiro 12 de decembro de 2025 incluído, así mesmo solicita tamén ampliación do prazo de execución do convenio ata o día 30 de novembro de 2025".

O Concello de Foz xustifica, por tanto, a súa solicitude de modificación do convenio de referencia e consecuente modificación dos prazos de execución e xustificación relativos á actuación “Substitución de lucernario da piscina municipal” no Concello de Foz, ano 2024” na a imposibilidade por parte do concello de recibir o suministro de material, no tempo inicialmente establecido para levar a cabo a actuación.

Terceiro.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Foz, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Foz, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios e extraordinarios do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente asumir a petición expresa do

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	115/143	

concello de Foz no relativo ao novo prazo de execución (30 de novembro de 2025) de acordo ás causas reflectidas na solicitude, e así mesmo modular, -polas razóns expostas-, a petición formulada pola administración local no relativo ao novo prazo de xustificación, situando como nova data límite o 5 de decembro de 2025 para a xustificación dos gastos executados obxecto do convenio.

Cuarto.- No que á modificación do convenio respecta, a administración local realiza a petición ao abeiro da cláusula oitava do convenio de referencia que reflicte expresamente:

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Ha de terse en conta que a modificación dos prazos obxecto de solicitude non altera as condicións esenciais do convenio aprobado, dado que só se refire á ampliación dos prazos de execución e xustificación indicados anteriormente e previstos no documento convenio inicial.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes no “Substitución de lucernario da piscina municipal”, formalizado o 04 de decembro de 2024, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes no “Substitución de lucernario da piscina municipal”, formalizado o 04 de decembro de 2024, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Foz co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Substitución de lucernario da piscina municipal” no Concello de Foz, ano 2024.

Reunidos.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	116/143	



Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, Don Francisco Cajoto Caserío, Alcalde do Concello de Foz, con N.I.F P2701900I e sede social na Avenida Alvaro Cunqueiro 24, CP 27780, Foz, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

Expoñen.

Primeiro.- O 04 de decembro de 2024 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes na Substitución de lucernario da piscina municipal”, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 28 de novembro de 2024.

Segundo.- O representante legal do Concello de Foz remitiu escrito, o 09/09/2025 19:23:27 (2025/PES_03/016755) e número de rexistro 2025RT015013 e emendas de datas (número de rexistro) 17/09/2025 (2025RT015384) e 22/09/2025 (2025RT015517) nos que literalmente se recolle o seguinte:

"Que ante a imposibilidade de recibir o suministro de material, no tempo inicialmente establecido para levar a cabo a actuación "Substitución de lucernario da piscina municipal", solicita unha prórroga do prazo de xustificación do convenio para a realización conxunta polo Concello de Foz e a Deputación Provincial de Lugo, ata o vindeiro 12 de decembro de 2025 incluído, así mesmo solicita tamén ampliación do prazo de execución do convenio ata o día 30 de novembro de 2025".

En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	117/143	

Cláusulas.

Primeira.- A Cláusula cuarta.- Obrigas e compromisos das partes do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Foz:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Foz, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 30 de novembro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Segunda.- A Cláusula Quinta.- Réxime económico. queda redactada do seguinte xeito:

A) Achegas:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	118/143	



1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 81.614,50 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2. Achega do Concello:

O Concello de Foz efectuará unha achega de 4.295,50€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de Foz.

C) Xustificación da achega económica.

A data límite para que dende o concello de Foz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 5 de decembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Resolución ou acordo de adxudicación.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	119/143	

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Terceira.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 4 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/006, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	120/143





“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularan alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/006, correspondente á Comunidade de usuarios de Villamane y Bidueiras as obras de “Mellora captacións e reparación abastecemento auga en Villamane e Bidueiras”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- A Comunidade de usuarios de Villamane y Bidueiras, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de usuarios de Villamane y Bidueiras (Becerreá), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/006, destinada ás obras de “Mellora captacións e reparación abastecemento auga en Villamane e Bidueiras” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	121/143



12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/102, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/102, correspondente ao MVMC de Castro Mayor as obras de “Mellora de captación e depósitos de reparto”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Castro Mayor, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Castro Mayor (Portomarín), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/102, destinada ás obras de “Mellora de captación e depósitos de reparto” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	122/143





DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS, ANUALIDADE 2025: ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión celebrada o vinte e un de marzo de dous mil vinte e cinco aprobou as bases da convocatoria da concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, e cuxo extracto se publicou no BOP número 089, do sábado 19 de abril de 2025,. E que así mesmo, por acordo da mesma Xunta de Goberno se lles prestou aprobación aos modelos de solicitude.

Á vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o doce de setembro de dous mil vinte e cinco, aprobou o acordo de concesión provisional premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, e publicado no BOP N.º 219, do martes 23 de setembro de 2025, establecendo un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo no BOP de Lugo, para que os/as interesados puidesen presentar alegacións.

Tendo en conta que constan alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional e que de acordo co previsto na base Décima.- Acordos de concesión e notificacións, no caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes. e que en base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Á vista de que con data 15 de outubro de 2025 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de concesión provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e circunstancias expostas e en base aos argumentos e análises efectuadas e que constan na respectiva acta á que se anexa listaxes co cadro de puntuacións de

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	123/143	

acordo aos criterios de determinación do importe do premio reflectidos nas bases da convocatoria.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación os seguintes acordos:

1º.- Desestimar a alegación formulada por don Diego Gomez Miguelez con DNI ***8442** en expediente 2025/PES_03/017543, de data 23/09/2025 e número de rexistro 2025RT015622, tendo en conta que a causa e o obxecto da alegación e o desacordo na puntuación asignada e a revisión do “calcula el cual no se si estoy en lo cierto pero tengo mayor puntuación y menos cuantía de subvención que otros pilotos con un total de 61p”, e que o alegante achega ao expediente estimación de puntuación en 61 puntos, puntuación coincidente coa atribuída no procedemento de atribución de puntuación; e por tanto quedar acreditado no trámite de valoración de méritos deportivos, que a puntuación asignada se corresponde cos resultados deportivos do deportista don Diego Gomez Miguelez, de acordo á respectiva certificación federativa formulada no expediente de solicitude e aos criterios de valoración e puntuación establecidos nas bases da convocatoria.

2º.- Desestimar a alegación formulada por don Daniel Mellado Garcia con DNI ***9486** en expediente 2025/PES_03/017533, de data 23/09/2025 e número de rexistro 2025RT015621, tendo en conta que a causa e o obxecto da alegación e a desestimación da solicitude e a revisión “dos documentos presentados xa que me da un resultado do calculo según as bases de 27 puntos. rally cocido 1p da xeral + 4p de agrupación rally san froilan 1p da xeral + 2p de agrupación + 8p de rallys da provincia escudería da provincia de Lugo 11p”, -e que o alegante achega ao expediente estimación de puntuación en 27 puntos, puntuación coincidente coa atribuída no procedemento de puntuación-; e por tanto quedar acreditado no trámite de valoración de méritos deportivos, que a puntuación asignada se corresponde cos resultados deportivos do deportista don Daniel Mellado Garcia, de acordo á respectiva certificación federativa formulada no expediente de solicitude e que en consecuencia, de acordo aos criterios de valoración e puntuación establecidos nas bases da convocatoria, o solicitante non lograría puntuación suficiente para que en aplicación do procedemento previsto na base Cuarta, acadase unha cantidade mínima de 300,00 euros, importe mínimo establecido na convocatoria. E en consecuencia, constátase a procedencia da desestimación provisional aprobada.

3º.- Aprobar a concesión definitiva de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, anualidade 2025, na que se expresa a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes, de acordo ao

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	124/143





informe da comisión de avaliación das alegacións formuladas e aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

4º.- Notificar o presente acordo de concesión definitiva, de acordo ao previsto nas bases da convocatoria e ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o referido acordo tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvencion
Actividade competitiva 2024	CLUB CICLISTA RIBEIRA SACRA	CICLISMO	1.942,00 €
Organización de Eventos 2024	SIGLO ENDURANCE TEAM	RAID HIPICO VIA KÜNIG	700,00 €

2º.- En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	125/143



novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva 2024	FULL KARATE CLUB GALAICO	KARATE	1.335,00 €
Actividade competitiva 2024	FULL KARATE CLUB GALAICO	KICKBOXING	563,00 €
Actividade competitiva 2024	CLUB CICLISTA MEIRA	CICLISMO	2.093,00 €

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	126/143





presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2024/2025.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Bolsas de Estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao curso académico 2024-2025, de conformidade co artigo 56 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 53 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015 e a modificación dos tramos salariais establecidos para o cálculo das contías das axudas, acordada de xeito unánime pola representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 26 de outubro do 2023; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	127/143	

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES AO ANO 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao ano 2024, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; propónse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN TRECE (13) PRAZAS DA COTA XERAL E UNHA (1) DA COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DENOMINADAS ADMINISTRATIVO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023 APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IA) 1.1 COTA XERAL E APARTADO IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB) 1.1. COTA XERAL E IB) 1.2 COTA RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE; NA OEP DO ANO 2024 APARTADO IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, COTA XERAL; E NA OEP DO ANO 2025 NO APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA) 1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.

	IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Fecha y Hora	21/10/2025 14:51:10
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QWS74OAPT7CXJYMXNIA3CCM	Página	128/143





O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021 e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente 14 prazas do cadro de persoal funcionario denominadas administrativo/a (9 prazas vinculadas a postos adscritos aos Centros de Atención a Maiores -8 cota xeral e 1 cota reserva persoas con discapacidade), vacantes e dotadas orzamentariamente, incluídas na Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para os anos 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), que figuran no apartado IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e apartado IB) taxa específica á que se refire a loxe 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime xurídico administrativo, IB)1.1. cota xeral e IB)1.2 cota reserva persoas con discapacidade; na Oferta de Emprego Público do 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, que figura no apartado IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cota xeral; e na Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, aprobada por resolución da presidencia do 28.03.2025 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 075, do 01.04.2025, que figura no apartado IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, cota xeral, de acceso libre.

2. Caracterización das prazas.

a) Cota xeral.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	Nº POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO
